

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias

de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



AS LÁGRIMAS DE SHIVA

Obxectivo xeral

Estas actividades permitirán que o alumno/a entre no mundo da ciencia-ficción, desde o punto de vista do creador e suxerir as hipóteses pertinentes acerca do futuro inmediato que nos espera co avance e a implantación social das novas tecnoloxías, e coa súa incidencia nos individuos. A través dun exercicio de documentación, traballarase a época e a sociedade da incipiente década dos 70, baseándonos na tra-

ma argumental do relato coñeceremos algunhas das tipoloxías ideolóxicas daqueles anos e levaremos, mediante un traballo comparativo, a análise ata os nosos días. Farase especial fincapé nas relacións dos personaxes como punto de partida para chegar a coñecer e reflexionar sobre a idiosincrasia do adolescente e a súa aprendizaxe sentimental.

Orientacións

A fácil disposición argumental da trama permítelle ao lector coñecer os aspectos máis recentes da historia contemporánea. Os datos que o autor nos ofrece como marco de fondo servirán xunto a outros que se lle proporcionan ao alumno como anexo para traballar de xeito indutivo e creativo.

ACTIVIDADE 1

(Despois da lectura): **A VIAXE Á LÚA**

Obxectivos

- Recoñecer as características de diferentes tipos de textos.
- Desenvolver a capacidade de crear textos literarios a partir de datos documentais.
- Coordinar distintos criterios e puntos de vista na organización de ideas.

Descrición

Dispóñense grupos de tres a catro alumnos.

A partir dos textos que figuran no anexo 1, recollidos literalmente ou centrándose nalgun dos seus datos, crear unha trama argumental para despois desenvolvela.

Este desenvolvemento corresponderalle a outro grupo distinto daquel que dispuxo a liña argumental, de tal modo que irá en aumento a complexidade dos datos e a súa combinación.

De entre todas as historias creadas escollerase unha tendo en conta tanto a orixinalidade temática como a composición estrutural.

Orientacións

A lectura dos textos convén que se faga en voz alta e, así mesmo, que se chegue a un acordo común e tendo en conta todos os criterios expostos, que se seleccione un deles.

ACTIVIDADE 2

(Despois da lectura): **DA FICCIÓN Á REALIDADE**

Obxectivos

- Ser capaces de recompilar información de distintas fontes e contrastala.
- Recoñecer aqueles aspectos dos textos literarios utilizados como fontes de información.
- Valorar o texto literario como forma de comunicación e creación.

Descrición

Cada alumno do grupo debe traballar o texto de xeito individual.

O texto obxecto de estudo figura como anexo 2 deste arquivo de actividades, trátase dun fragmento do escritor francés Xulio Verne, Da Terra á Lúa, de 1866. Verne imaxinou unha cápsula espacial lanzada por un enorme canón que para a súa detonación requiría 68.000 toneladas de carbón.

Unha vez localizados aqueles datos de carácter documental que lle conceden ao texto a coherencia necesaria que esixe todo relato de ficción, deberán levar a cabo un labor de investigación para ampliar estas hipóteses e ofrecelas como materia tratable desde o punto de vista científico.

4

Orientacións

Os recursos utilizados no traballo de investigación poden quedar á libre elección do alumno. Entre outros, poderían terse en conta, os telemáticos ou as revistas científicas de divulgación, así como os documentais televisivos ou traballos recollidos do mesmo alumno en referencia a outras áreas.

É importante que unha vez sinalados aqueles aspectos susceptibles de ser ampliados como teoría científica, facer unha posta en común de cada un dos grupos. Esta exposición reforza e, ao mesmo tempo, obriga a que o tratamento dos temas resulte coherente e intelixible.

ACTIVIDADE 3

(Despois da lectura): **ASÍ PENSABAN**

Obxectivos

- Coñecer as distintas posturas ideolóxicas que mantiveron os mozos a principios da década dos 70.
- Relacionar esas posturas co contexto histórico no que se manifestaron.
- Identificar os personaxes da obra cos trazos anteriormente sinalados.
- Recoñecer aspectos da nosa cultura máis actual e vinculalas con aquelas formas emerxentes.
- Observar e adoptar unha postura crítica e persoal fronte aos distintos comportamentos dos suxeitos sociais.

Descrición

Todos os personaxes cun perfil significativo na obra deberán tratarse previamente para un posterior tratamento en contraste coa historia.

Os femininos cobran especial importancia polo contraste ofrecido entre a muller continuadora dos valores máis tradicionais dunha familia aristocrática e aquela outra que representa a construción da muller moderna integrada en distintos ámbitos da sociedade, cunha implicación ideolóxica e laboral.

A referencia ao contexto histórico supón un traballo de investigación tamén por parte do alumno. Deberán fixar os aspectos que definen a época: cambios políticos, nacionais e internacionais, económicos e culturais.

Merece especial atención a aparición da televisión e o tratamento que se fai deste medio no libro. Nun primeiro momento depende da vontade do home, pero a súa actitude presaxia unha ameaza que hoxe é máis que evidente. Unha vez máis, o produto creado vólvese en contra do seu creador.

Seguindo as mesmas pautas, a análise débese facer extensiva ata os nosos días.

Tras recoller todos os datos, cada grupo expoñerá os datos despois de contrastalos, tendo en conta as distintas opinións e perspectivas tomadas.

Orientacións

Coa intención de realizar un exame máis detido e exhaustivo, o traballo de busca e tratamento dos datos pode distribuírse tematicamente a cada un dos grupos.

ANEXO 1

A viaxe á Lua

En 1827 o escritor inglés George Tucker publicou **Voyage to the Moon**, historia na cal a viaxe á Lua é posible grazas a un raro metal chamado «lunarium», que ten a propiedade de ser repelido pola Terra (así como o chumbo é atraído por ela). Posteriormente, Edgar Allan Poe tomou prestado parte do estilo de Tucker para a súa historia **Hans Pfaill**, na cal a viaxe á Lua é realizada nun globo. En 1866 apareceu **Da Terra á Lua**, escrito por Xulio Verne, o máis famoso escritor de ciencia ficción do século pasado. Verne imaxinou unha cápsula espacial lanzada por un enorme canón no que a detonación requiría 68.000 toneladas de carbón. A viaxe na que Neil Armstrong se converteu no primeiro home en chegar á Lua o 21 de xullo de 1969 non foi menos espectacular que as historias de ciencia ficción que o antecederon. Foi necesario construír unha serie de foguetes de tres etapas cun total de 111 metros de altura e que, incluíndo o combustible, pesaban case 3000 toneladas. Os foguetes Saturno V eran a parte medular das misións Apolo, que levaron o nome do deus romano do Sol e da poesía, irmán de Diana, deusa da noite, da caza e, precisamente, da Lua. Tan só a parte inferior dos foguetes Saturno V, «a primeira fase», medía 42 metros de altura e levaba uns dous millóns de litros de combustible (queroseno e osíxeno líquido) que eran consumidos nun par de minutos. Nove minutos despois do lanzamento, o Apolo alcanzaba 170 quilómetros de altura e entraba en órbita. Despois de darlle unha volta á Terra, a terceira etapa do foguete deulles aos chamados módulos de comando e servizo o impulso necesario para chegar ata a Lua en menos de tres días. Xa preto da Lua, o módulo de comando entraba en órbita (o que en linguaxe menos técnica corresponde a virar ao redor do astro) e, despois de separarse do módulo de comando, o módulo lunar pousábase na superficie lunar. A viaxe de regreso era máis sinxela dado que a Lua exerce menor atracción que a Terra e é, polo tanto, máis fácil saír do seu contorno. Foron nove as misións Apolo á Lua, das cales en seis ocasións pousáronse astronautas na súa superficie. En decembro de 1968, a bordo do Apolo 8, Borman, Lovell e Anders convertéronse nos primeiros homes en saír do campo de gravidade da Terra e entrar en órbita ao redor da Lua. O Apolo 10, que tamén entrou en órbita lunar, foi un ensaio xeral da histórica misión Apolo 11 na que Armstrong e Aldrin camiñaron pola Lua e trouxeron a primeira mostra de rochas lunares. Coa excepción da errada misión Apolo 13, onde o principal mérito da tripulación foi o de sobrevivir, as misións que seguiron ao Apolo 11, aínda que menos trascendentes desde o punto de vista histórico foron cada vez máis estendidas e produtivas desde o punto de vista científico. Verdadeiras expedicións, os Apolos 15, 16 e 17 incluíron vehículos (automóbiles) lunares cos que os astronautas exploraron a superficie lunar ata por tres días antes de emprender o regreso. Pasaron 23 anos desde que un humano pisou por última vez o chan lunar. A exploración espacial continuou sen o protagonismo do home. Foi en realidade unha necesidade de hexemonía entre as dúas superpotencias a que motivou o alcanzar o que aínda hoxe en día é un reto tecnolóxico. Un



eventual retorno á Lúa non é unha cuestión política. De regresar o home á Lúa, o máis probable é que fose con fins comerciais, como a minaría, e científicos. De feito, non existe na Terra ningún lugar para un observatorio astronómico comparable á Lúa, precisamente porque a Lúa ao non ter atmosfera non absorbe parte da radiación que lle chega como sucede na atmosfera terrestre.

Esperanza Carrasco Licea & Alberto Carramiñana Alonso

Diario Síntesis, 11 de xuño de 1996

ANEXO 2

A viaxe á Lua

–¡Rirse dun americano! –exclamou J. T. Maston–. ¡Velaquí un casus belli!

–Tranquilizádevos, meu digno amigo; os franceses, antes de rirse do noso compatriota, caeron no lazo que este lles tendeu facéndolles comungar con rodas de muíño. Para rematar esta rápida historia, engadirei que un tal Hans Pfaal, de Róterdam, ascendendo nun globo cheo dun gas extraído do ázoe, trinta e sete veces máis lixeiro que o hidróxeno, alcanzou a Lúa despois dunha viaxe aérea de dezanove días. Aquela viaxe, o mesmo que as precedentes tentativas, era simplemente imaxinaria, e foi obra dun escritor popular de América, dun enxeño estraño e contemplativo, de Edgar Poe.

–¡Viva Edgar Poe! –exclamou a asemblea, electrizada polas palabras do seu presidente.

–Nada máis digno –repuxo Barbicane– desas tentativas que chamarei puramente literarias, totalmente insuficientes para establecer relacións formais co astro da noite. Debo, con todo, engadir que algúns caracteres prácticos trataron de poñerse en comunicación con eles, e así é que, anos atrás, un xeómetra alemán propuxo enviar unha comisión de sabios aos páramos de Siberia. Alí, naquelas vastas chairas, debíanse trazar inmensas figuras xeométricas, debuxadas por medio de reflectores luminosos, entre outras o cadrado da hipotenusa, chamado vulgarmente en Francia a ponte dos asnos. Todo ser intelixente –dicía o xeómetra– debe comprender o destino científico desta figura. Os selenitas, se existen, responderán cunha figura semellante, e despois de establecer a comunicación, será fácil crear un alfabeto que permita conversar cos habitantes da Lúa. Así falaba o xeómetra alemán, pero non se executou o seu proxecto, e ata agora non existe ningún lazo directo entre a Terra e o seu satélite. Pero está reservado ao xenio práctico dos americanos poñerse en relación co mundo sideral. O medio de chegar a tan importante resultado é sinxelo, fácil, seguro, infalible, e el vai ser o obxecto da miña proposición.

Un gran murmullo, unha tempestade de exclamacións acolleu estas palabras. Non houbo entre os asistentes un só que non se sentise dominado, arrastrado, arrebatado polas palabras do orador.

–¡Atención! ¡Atención! ¡Silencio! –berraron por todas as partes.

Acougada a axitación, Barbicane proseguiu cunha voz máis grave o seu interrompido discurso.

–Xa sabedes –dixo– cantos progresos fixo a balística dalgúns anos a esta parte e a que grao de perfección chegarían as armas de fogo, se a guerra continuase. Non ignoredes tampouco que, dun xeito xeral, a forza de resistencia dos canóns e o poder expansivo da



pólvora son ilimitados. Pois ben, partindo deste principio, pregunteime se, por medio dun aparello suficiente, realizado cunhas determinadas condicións de resistencia, sería posible enviar unha bala á Lúa.

A estas palabras, un berro de asombro escapou de mil peitos anhelantes, e houbo logo un momento de silencio, parecido á profunda calma que precede as grandes tormentas. E en efecto, houbo tronada, pero unha tronada de aplausos, de berros, de clamores que –Deixádeme concluír –contestou tranquilamente–. Examinei a cuestión baixo todos os seus aspectos, abordeina resoltamente, e dos meus cálculos indiscutibles resulta que todo proyectil dotado dunha velocidade inicial de doce mil iardas(1) por segundo, e dirixido cara á Lúa, chegará necesariamente a ela. Teño, pois, distinguidos e bravos colegas, o honor de propoñervos que intentemos este pequeno experimento.

Uns once mil metros.
